

AXUDAS PARA ADQUISICION DE LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR 2021-2022

Publicouse no Diario Oficial de Galicia do 20 de maio de 2021 a orde pola que se convocan as axudas para a adquisición de libros de texto e material escolar para o alumnado de **Educación Primaria** para o **2021/2022**.

O anexo I e II para realizar as solicitudes están á vosa disposición no centro.

Plazo de presentación das solicitudes: do 21 de maio 2021 (venres) ata 22 de xuño 2021 (martes)(este incluído).

1º e 2º E.P.: participación nas axudas para adquirir libros de texto e axuda para adquisición de material escolar

3º e 4º E.P.: participación no fondo solidario de libros de texto e axuda para adquisición de material escolar

5º e 6º E.P.: só pode solicitar axuda para a adquisición de material escolar

Membros computables da unidade familiar: ao 31 dec. 2019

1. a) Os pais non separados legalmente nin divorciados ou, de ser o caso, o titor ou titores do alumnado.
 - b) Os/as fillos/as menores de idade con excepción dos emancipados.
 - c) Os/as fillos/as maiores de idade discapacitados ou incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
 - d) Os/as fillos/as solteiros/as menores de 25 anos e que convivan no domicilio familiar.
 - e) A persoa proxenitora separada legalmente ou divorciada, cando haxa custodia compartida.
 - f) A persoa que, por novo matrimonio ou por convivencia en situación de unión de feito ou análoga, viva no domicilio familiar coa persoa proxenitora do/a alumno/a.
2. Cando non exista vínculo matrimonial, a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os descendentes que convivan con eles e que reúnan os requisitos do punto anterior.

Non terá a consideración de membro computable:

- a) A persoa proxenitora que non conviva co alumnado nos casos de separación legal ou divorcio, agás no caso de custodia compartida.
- b) O agresor nos casos de violencia de xénero.

A renda per cápita da unidade familiar : é o resultado de dividir a renda da unidade familiar do exercicio fiscal 2019 entre o número de membros computables, tendo en conta que computarán por dous os membros que acrediten unha discapacidade igual ou superior ao 33 % ou a percepción dunha pensión da Seguridade Social por incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou grande invalidez, ou a equivalente de clases pasivas.

A renda da unidade familiar : será o resultado de sumar as rendas de cada un dos membros computables da familia que obteñan ingresos de calquera natureza,(sumar as casillas **435+460** da declaración **renta 2019** e dividila polo número de membros computables da familia). **Renta per cápita máxima para recibir axuda: igual ou inferior a 10.000€**

Documentación a achegar:

- Anexo I e II debidamente cubertos e asinados
- ☞ **Se o solicitante posúe DNI OU NIE:**
- Copia do libro de familia ou equivalente onde figuren todos os membros computables.
- **En caso de separación ou divorcio**, ademais deberán achegar sentenza xudicial e/ou convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/da menor.
- ☞ **Excepcionalmente, se o solicitante carece de DNI ou NIE**, poderase acreditar o número de membros computables utilizando **algún dos seguintes medios**:
 - ❖ Copia do libro de familia ou equivalente onde figuren todos os membros computables.
 - ❖ Certificado ou volante de convivencia.
 - ❖ Informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia.
- ☞ **Nos casos especiais**, en que a **composición familiar non se axuste ao sinalado no artigo 4.1 da orde**, achegarase certificado ou volante de convivencia en dondo figuren o/a alumno/a e todos os familiares que convivan con el/ela, ou un certificado dos servizos sociais do concello que acredite a situación familiar.

Outra documentación segundo o caso:

- b) Certificado do grao de discapacidade de calquera membro da familia recoñecido por un órgano que non pertenza á Xunta de Galicia.
- c) Documentación xustificativa da situación de violencia de xénero
- d) Resolución xudicial de incapacitación con patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- e) Resolución administrativa ou xudicial acreditativa da situación de acollemento ou do certificado do centro de menores, para o alumnado en situación de tutela ou garda da Xunta de Galicia.
- f) Certificado de convivencia, volante de convivencia ou informe dos servizos sociais ou órgano equivalente do concello onde resida a familia, **no caso de que o pai e a nai titor ou titores carezan de DNI e NIE.**

IMPORTANTE: Todo o alumando que curse 3º e 4º no curso 2020-2021, que participara no programa de Fondo solidario, deberá devolver os libros en bo estado, ao rematar o presente curso na data que será indicada polo centro.